

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2026 pola que aproba o modelo normalizado de reclamación perante a Comisión da Transparencia de Galicia fronte ás resolucións de acceso á información pública (código de procedemento AP900B).

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no capítulo III do título I o dereito de acceso á información pública. O seu artigo 24.1 dispón que, fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso se poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa. E, conforme a disposición adicional cuarta da mesma lei, a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderalle, nos supostos de resolucións ditadas polas administracións das comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as comunidades autónomas. E engade que contra as resolucións ditadas polas asembleas lexislativas e as institucións análogas ao Consello de Estado, Consello Económico e Social, Tribunal de Contas e Defensor do Pobo no caso desas mesmas reclamacións só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

Na Comunidade Autónoma de Galicia foi aprobada a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Conforme o seu artigo 33.3, a Comisión da Transparencia é o órgano independente ao cal lle corresponde a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei. Este último precepto remite, en relación co procedemento para a tramitación e resolución destas reclamacións, á regulación contida nos números 2, 3 e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

A Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro. En virtude desta modificación, o artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, na redacción vixente, prevé que a Comisión da Transparencia de Galicia está adscrita ao Consello Consultivo de Galicia e que a súa presidencia lle corresponde ao presidente ou presidenta do dito órgano consultivo.

Neste novo contexto normativo cómpre aprobar o modelo normalizado de reclamación perante a Comisión da Transparencia de Galicia fronte ás resolucións de acceso á información pública, co fin de facilitar a presentación electrónica destas reclamacións.

CVE-DOG: mqf5mk9-a8c5-hnz6-czn6-lynin65knl5



O modelo normalizado estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, á cal tamén se poderá acceder a través dunha ligazón desde a propia páxina web da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na súa virtude, e no uso das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. *Aprobación do modelo normalizado de reclamación*

Apróbase o modelo normalizado de reclamación perante a Comisión da Transparencia de Galicia fronte ás resolucións de acceso á información pública, que figura no anexo desta resolución.

Este modelo estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, á cal tamén se poderá acceder a través dunha ligazón desde a páxina web da Comisión da Transparencia de Galicia.

O procedemento de reclamación habilitarase na Guía de procedementos e servizos, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia co código AP900B. «Reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública».

Segundo. *Presentación das reclamacións utilizando o modelo normalizado*

As reclamacións poderán presentarse por vía electrónica a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos que estean obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración de acordo coa normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as reclamacións presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e poderán utilizar o modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: mqf5mk9-a8c5-hnz6-czn6-lynin65knl5



Terceiro. Documentación complementaria

1. Xunto coa reclamación, as persoas interesadas poderán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de información pública.
- b) Resolución administrativa que se impugna, se é o caso.
- c) Outra documentación que fundamente a súa reclamación.

2. No caso de que se interpoña a reclamación en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. A documentación complementaria que se achegue poderá presentarse por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración de acordo coa normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da reclamación na sede electrónica da Xunta de Galicia, deberán indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da reclamación e o número de expediente, se se dispón del.

Cuarto. Comprobación de datos

1. De conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común, para a tramitación da reclamación consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa reclamante.



b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade reclamante.

d) NIF da entidade representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no modelo normalizado e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Quinto. *Notificacións*

1. De conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común, as notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse por medios electrónicos cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. No caso de presentar a reclamación no modelo normalizado, a persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). De optar pola notificación en papel efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. As notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal

Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Sexto. *Trámites administrativos posteriores á presentación da reclamación na sede electrónica da Xunta de Galicia*

No caso de que a reclamación se presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia empregando o modelo normalizado, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia

CVE-DOG: mqj5mk9-a8c5-hnz6-czn6-lynin65knl5



permitiralles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétimo. *Publicación*

Esta resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2026

Andrés Lago Louro
Presidente da Comisión da Transparencia de Galicia
e do Consello Consultivo de Galicia

CVE-DOG: mqf5mk9-a8c5-hnz6-czn6-lyninv65knl5





ANEXO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
RECLAMACIÓNS FRONTE ÁS RESOLUCIÓNS DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA	AP900B	RECLAMACIÓN

DATOS DA PERSOA RECLAMANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO



ANEXO
(continuación)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

☐ **Postal** (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO

Administración á cal solicitou a información

Data en que solicitou a información a esa administración

Obxecto da reclamación:

- ☐ Non recibín resposta á miña petición
- ☐ Denegouseme o acceso a toda a información requirida
- ☐ Denegouseme o acceso a parte da información solicitada
- ☐ Non estou satisfeito/a coa resposta
- ☐ Outros; especifíquense:

Se a coñece, explique a causa de que se lle denegase a información solicitada:

Se lle respondeu a Administración, en que data o fixo?

EXPÓN:

SOLICITA: que lle sexa anulada a resolución contra a cal se interpón esta reclamación e, de ser o caso, sexa recoñecido o seu dereito de acceso á información nos termos expostos na solicitude presentada inicialmente.



ANEXO
(continuación)

A PERSOA RECLAMANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos neste formulario e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que interpoñ reclamación perante a Comisión da Transparencia de Galicia, ao abeiro do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Solicitud de información pública☐ Resolución da Administración, se é o caso.☐ Outra documentación:

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa reclamante.

OPÓÑOME Á CONSULTA



DNI/NIE da persoa representante.



CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A CONSULTA

NIF da entidade reclamante.

☐ Si☐ Non

NIF da entidade representante.

☐ Si☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Consello Consultivo de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa reclamación para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación na Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado ante a Comisión da Transparencia; rúa Algalia de Abaixo, 24, 2º andar, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña) ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**ANEXO**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2026 pola que aproba o modelo normalizado de reclamación perante a Comisión da Transparencia de Galicia fronte ás resolucións de acceso á información pública (código de procedemento AP900B).

SINATURA DA PERSOA RECLAMANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Comisión da Transparencia de Galicia

CVE-DOG: mqf5mk9-a8c5-hnz6-czn6-lyninv65knl5

